

GUÍA para ELABORAR COMPOSICIÓN en HISTORIA

Obxectivo dunha composición en Historia: explicar o tema requerido (sincrónico ou diacrónico) partindo da análise dos documentos que se ofrezan para usar o seu contido como exemplo ou proba nun texto expositivo no que se expliquen os antecedentes, o contexto e as consecuencias derivadas dese proceso ou feito histórico.

Debe ser unha **redacción explicativa dos asuntos requeridos** facendo **referencias concretas aos documentos**, demostrando coñecementos rigorosos deses temas e **madurez na capacidade argumentativa** con precisión no uso dos conceptos e coherencia nos razoamentos.

Fases de elaboración da composición

1ª. Análise dos documentos.

- a) Lectura atenta do encabezamento da proba na que se describe o traballo que se require. Exemplo: “Os seguintes textos deben permitirche facer unha redacción sobre a revolución agraria e a súa influencia na revolución Industrial. Tendo en conta os documentos, o seu contexto e antecedentes históricos, debes atender cando menos aos cambios no sistema de produción na economía agraria do s XVIII, os seus efectos sobre a demografía e finalmente a súa relación co desenvolvemento industrial do s XIX”.
- b) Lectura atenta dos textos e análise das imaxes, gráficas ou mapas que se propoñan.
- c) Subliñado dos elementos principais (palabras, conceptos, ideas clave...).
- d) Apuntamentos nas marxes deses documentos identificando persoeiros, institucións e acontecementos que se explicarán na composición. Indica a relación cos contidos teóricos.

2ª. Elaboración dun esquema ou mapa conceptual co **guión básico dos asuntos a desenvolver** indicando:

- d) Tema- idea central.
- e) Localización ou contextualización: espacial (onde?= territorio) e temporal (cando?= período histórico concreto)
- f) Conceptos principais / secundarios.
- g) Tipoloxía dos documentos: primaria (históricos: coetáneos do asunto que tratan) ou secundaria (historiográficos: posteriores ao tema abordado neses documentos)

Indica tamén si abordan temas de tipo político (ideoloxías, xestión do poder e administración dun territorio), social (colectivos, relacións entre eles, condicións de vida...), económico (produción e reparto de bens materiais), cultural (religioso, xurídico, pensamento...).

3ª. Redacción da composición histórica cos seguintes apartados:

Introdución breve na que:

- i) Presentamos o tema central que relaciona aos diferentes documentos seguindo o que se nos require na proposta de composición histórica.

j) Contextualizamos espazo-temporalmente os feitos ou o proceso histórico partindo das referencias a datas e lugares mencionados nos documentos que se ofrecen.

3.1. Desenvolvemento dos contidos esenciais do tema requerido con referencias precisas e concretas ao contido dos documentos xa lidos e analizados para describir:

k) **Antecedentes** ou **causas** dos temas requeridos e aos que se refiren os documentos.

l) **Intereses** dos actores implicados e os **obxectivos** da súa actuación.

Explicaremos neste apartado a importancia das **institucións, acontecementos, persoeiros**, etc que aparecen nos **documentos** facendo **citas textuais** entre vírgulas (“...”) ou referencias precisas ao parágrafo e liña dun contido concreto (por exemplo: artigos dunha constitución).

m) **Contexto** político, económico e/ou social deses acontecementos, feitos e persoeiros que aparecen nos documentos e remiten ao tema que debemos desenvolver.

n) **Consecuencias** ou efectos derivados dos feitos e actuacións xa descritas.

3.2. Conclusión ou síntese final na que destaquemos:

- As características esenciais do tema desenvolvido.

- Unha valoración histórica sobre a importancia e transcendencia dos feitos analizados fundamentando a argumentación en coñecementos específicos sobre a Historia sin apelar á percepcións individuais con frases do estilo “páreceme ben/mal” ou “penso que...”.

RECOMENDACIÓNS

1ª. Redactar con claridade, demostrando coñecemento rigoroso dos asuntos requeridos, usando os termos específicos con precisión e desenvolvendo unha estrutura argumentativa coherente (como a proposta nos apartados anteriores).

2ª. **Utilizar os documentos sen parafrasealos** (repetir o seu contido ou copialo directamente). Debe usarse ese contido como exemplo ou proba das argumentacións facendo referencias precisas (parágrafo e liña ou asunto concreto) evitando as citas xenéricas do estilo “como se di no documento 4”.

3ª. **Evitar o “escapismo”**: non se valora positivamente a reprodución de contidos teóricos memorizados sin relacionalos correctamente cos documentos e, menos aínda senón responden aos asuntos requeridos no parágrafo de orientación da proba. **Os coñecementos sobre o tema requerido deben estar ao servizo deses temas requeridos e vencellar o contido dos documentos.**

4ª. Respetar as normas básicas da comunicación escrita: lexibilidade e presentación pulcra (evitando tachóns ou borróns, abusos de tip-ex), corrección ortográfica, precisión léxica usando a terminoloxía (conceptos específicos) adecuados, sintaxe correcta e uso correcto de conectores textuais, construción adecuada de frases que reflectan claridade expositiva.